



Consello
Consultivo
de Galicia

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

O Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional, non estando os seus membros ligados por ningún mandato imperativo.

Co obxecto de acadar unha axeitada axilización na xestión económica e na tramitación dos expedientes administrativos que da mesma se derivan, considérase oportuno delegar na persoa titular da Secretaría Xeral, sen mengua da necesaria garantía xurídica, funcións atribuídas regulamentariamente á Presidencia.

Na súa virtude, e fancedo uso das facultades que lle atribúe a Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e de acordo co disposto na citada lei e no Decreto 282/2003, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e segundo o establecido no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais disposicións de xeral aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na persoa titular da Secretaría Xeral do Consello Consultivo de Galicia a seguinte función de acordo co establecido no artigo 22.3 do Decreto 282/2003:

- Autorización dos gastos e ordenación dos pagamentos con suxeición á normativa orzamentaria aplicable.

Santiago de Compostela, 04 de agosto de 2014

José Luis Costa Pillado

Presidente

